



2º COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO VOLUNTARIO. (5 PUNTOS)

DATA DE ENTREGA: 31-I-2025

Realiza un comentario deste texto histórico atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema.
- Contextualización do documento.
- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento.

DOC: EN 1845, JOAQUÍN FRANCISCO PACHECO, LÍDER DO PARTIDO MODERADO, DEFENDE O SUFRAXIO RESTRINXIDO:

“Distinguimos hoxe, señores, os dereitos políticos dos dereitos civís; e se estes os concedemos a todos os cidadáns, non así os primeiros, que non podemos outorgar senón aos que os han exercer ben (...).

O dereito electoral non será un dereito de todos, e as ínfimas clases de calquera país deberán estar privadas del pola razón sinxela de que non poderán exercelo convenientemente (...).

Tomouse por regra xeral como base para a concesión deste dereito o goce de certa renda ou o pagamento de determinada contribución. Este principio, señores, é racional e aceptable. A riqueza, ou por mellor dicir o benestar, a vida desafoxada e fácil, en que o traballo material non é unha carga dura, non é a penosa ocupación de todos os momentos, e deixa espazo para as concepcións do espírito; ese benestar mediano (...), ese é o que debe tomarse como condición de capacidade política, porque é o que dá a intelixencia e a valía na orde social (...).

Quen gaña afanosamente o seu sustento nun traballo ímprobo e coa suor do seu rostro, quen non pode gozar algunha vez o digno descanso (...), quen está reducido a un escaso xornal (...), non pode pretender a consideración nin a estima política”.